ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
CV20031

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Os recursos administrativos na nova Lei 39/2015

CONVOCATORIA: Convocatoria Consello Consultivo-2

GRUPO: Cursos Convenios

ÁREA: Comunicación, organización do traballo e mellora das habilidades

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	CONVENIO	**HORAS:**	21
ADMINISTRACIÓN:	AU|LO	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 01/09/2020 - 08:00h ao 14/09/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A análise da normativa sobre a revisión de actos firmes e os recursos administrativos, ordinarios ou extraordinarios, que se poden interpor fronte a todo tipo de resolucións administrativas. A materia presenta especial interese científico e técnico para aquel persoal funcionario que tramite todo tipo de procedementos administrativos.
O coñecemento desta materia redunda no mellor exercicio profesional da súa función, na medida en que a materia presenta múltiples dimensións e en que absolutamente todos os servizos públicos e, polo tanto, todas as actuacións, incluídas as puramente materiais ou de xestión, están suxeitas a eventual recurso administrativo.
Por outra banda, a entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, é unha oportunidade para afianzar o coñecemento da normativa en aspectos tan esenciais e decisivos á hora de resolver un recurso, tales como as causas e os prazos de prescrición, a caducidade, a lexitimación ou a función dos órganos consultivos.
Ademais, a resolución de recursos administrativos dá lugar a unha intensa actividade xurisprudencial de interpretación e integración das leis que necesariamente ten que coñecer aquel persoal funcionario que, ordinaria ou eventualmente, participa na tramitación deste tipo de expedientes.
Así mesmo, trátase dunha materia de grande interese xurídico e doutrinal, polo que no curso se fará pausada referencia ás novidades xurisprudenciais na materia, facendo especial fincapé na doutrina do Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, así como tamén do Consello Consultivo de Galicia.

DESTINATARIOS

Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico.
Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da Administración local dos grupos A1 e A2, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución deste tipo de expedientes.

PROGRAMA

Tema 1. A resolución dos procedementos administrativos.
Tema 2. Revisión dos actos en vía administrativa: revisión de oficio.
Tema 3. Revisión dos actos en vía administrativa: declaración de lesividade.
Tema 4. Revogación de actos e rectificación de erros.
Tema 5. Recursos ordinarios: recurso de alzada e recurso de reposición.
Tema 6. Recurso extraordinario de revisión.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Empregados/as públicos/as das entidades locais de Galicia e do sector público autonómico. Preferentemente, habilitados nacionais e funcionarios da administración local dos grupos A1 e A2, que teñan responsabilidades en materia de tramitación e instrución de este tipo de expedientes. Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01		
LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN		**INICIO / FIN:** 28/09/2020 a 20/10/2020
NUM. PRAZAS: 50	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)	**DATA EXAME:** 23/10/2020 ás 11:30h
DOCENTES NOMEADOS		
NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE		